

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

9462 *Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino.*

No ano 1984 publicouse o Regulamento (CEE) n.º 3220/84 do Consello, do 13 de novembro de 1984, polo que se determina o modelo comunitario de clasificación de canais de porco, e un ano máis tarde, o Regulamento (CEE) n.º 2967/85 da Comisión, do 24 de outubro de 1985, polo que se establecen as modalidades de aplicación do modelo comunitario de clasificación dos canais de porco, que estableceron as regras xerais para asegurar unha clasificación uniforme dos canais de porcino en todos os Estados membros. Este marco normativo supuxo un importante impulso á normalización no comercio intracomunitario e á transparencia do mercado da carne de porcino. O desenvolvemento das ditas disposicións e a súa adaptación ao ordenamento xurídico español realizouse a través da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 21 de decembro de 1988, pola que se determina a grella de clasificación de canais de porco.

Posteriormente, como consecuencia do proceso de simplificación normativa nunha das últimas reformas da política agrícola común, modificaríase o marco europeo en materia de clasificación de canais, coa publicación do Regulamento (CE) n.º 1249/2008 da Comisión, do 10 de decembro de 2008, que establece disposicións de aplicación relativas aos modelos comunitarios de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e á comunicación dos seus prezos, co obxecto de facilitar a transparencia no mercado intracomunitario da carne de porcino. Este novo regulamento en materia de clasificación de canais foi desenvolvido no Reino de España a través do Real decreto 1028/2011, do 15 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino, que incorporou ao noso marco legal os novos requisitos, especialmente aqueles que estaban a criterio dos Estados membros.

A última reforma da política agrícola común, aprobada no ano 2013, concede unha enorme importancia á simplificación e redución de trabas administrativas para a Administración e os operadores económicos. Neste sentido, o Regulamento (CE) n.º 1249/2008 da Comisión, do 10 de decembro de 2008, foi modificado por normas máis simplificadas, aliñadas co Tratado de Lisboa que, ademais, en conexión co obxectivo de reducir o número de normas, unifican, nun regulamento delegado e nun regulamento de execución, os regulamentos que establecían disposicións de aplicación do modelo europeo de clasificación de canais e os relativos á comunicación de prezos. Desta forma, en xullo de 2017, publicáronse os dous novos regulamentos que regulan os modelos da Unión de clasificación de canais: o Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que afecta os modelos da Unión de clasificación dos canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, e o Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que afecta os modelos da Unión de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos.

Coa publicación destes novos regulamentos é preciso, para garantir a seguridade xurídica, incorporar ao noso marco legal as modificacións da nova normativa, sen prexuízo da directa aplicación das ditas disposicións, así como o desenvolvemento daqueles aspectos que os novos regulamentos deixan a criterio dos Estados membros. Neste real decreto establécense disposicións específicas en materia de clasificación de canais de porcino no Reino de España, de acordo co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013,

do 17 de decembro, así como no Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, e no Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, o que comporta a derogación do Real decreto 1028/2011, do 15 xullo.

Xa que logo, as particularidades da práctica comercial no mercado español da carne de porcino aconsellan a aplicación dunha serie de opcións referidas á posibilidade de non aplicar a clasificación de canais en matadoiros pequenos; á posibilidade de non aplicar a clasificación de canais en animais de razas autóctonas e nos cruzamentos da raza ibérica incluídos no Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e lombo embuchado ibérico, e en canais con determinadas formas de comercialización cuxa composición corporal anatómica imposibilita unha clasificación homoxénea e normalizada dos canais; á posibilidade de autorizar novas presentacións, aplicando a correspondente corrección respecto ao peso; á posibilidade de aplicar as excepcións á obrigación xenérica de marcación que establece a normativa europea; e á posibilidade de exceder o prazo de 45 minutos establecido entre o sangrado e a pesaxe do porco, sempre que se apliquen as deducións correspondentes á porcentaxe de redución por deloura.

Por outro lado, é necesario establecer as bases para a aplicación no Reino de España dos controis sobre o terreo na clasificación, pesaxe e marcación dos canais de porcino que, no exercicio das súas competencias, deben levar a cabo as autoridades competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla. Estes controis oficiais basearanse nunha avaliación previa do risco, o que permitirá ás autoridades competentes enfocar os controis cara a aqueles operadores ou actividades de maior risco, mellorando a eficiencia na xestión dos recursos públicos. Así mesmo, é preciso determinar as bases das medidas que se deban adoptar cando se detecten irregularidades e da correspondente corrección de deficiencias. Igualmente, é necesario constituír a Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos, como órgano de asesoramento e coordinación nesta materia, posibilitando a extensión das súas funcións a outros sectores gandeiros e, por último, requírese incorporar o réxime sancionador que se vaia aplicar en materia de clasificación, pesaxe e marcación de canais porcinos.

Por último, procede derrogar, por seguridade xurídica, a Orde PRE/917/2013, do 20 de maio, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas a agrupacións de produtores para a realización de proxectos de investigación aplicada e innovación nos sectores vacún, porcino, ovino, caprino, avícola e cunícola, e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2013.

Dado o marcado carácter técnico desta norma, de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional sobre a lexislación básica, considérase apropiada a súa adopción mediante real decreto.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na tramitación deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de audiencia e información públicas e adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa europea se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

De acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este proxecto encóntrase recollido no Plan anual normativo para 2018, aprobado polo Consello de Ministros do 7 decembro de 2017.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa prevista no artigo 26.5, quinto parágrafo, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto deste real decreto é establecer disposicións específicas en materia de clasificación de canais de porcino no Reino de España, de acordo co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, así como no Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que afecta os modelos da Unión de clasificación dos canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, e o Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que afecta os modelos da Unión de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para efectos deste real decreto, serán aplicables as definicións de canal e presentación do anexo IV do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

2. Ademais, entenderanse por autoridade competente os órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 3. *Clasificación obrigatoria de canais e excepcións.*

1. O modelo da Unión de clasificación de canais de porcino recollido no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, utilizarase en todos os matadoiros que sacrifiquen porcino para a clasificación de todos os canais dos animais da especie porcina distintos dos utilizados para a reprodución, os leitóns e os animais sacrificados de urxencia.

2. O valor comercial dos canais de porcino será determinado polo contido estimado de carne magra e polo peso do canal, de conformidade co que establece o anexo IV, letra B, punto IV, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

3. Sen prexuízo do establecido no punto 1, este modelo non será de aplicación obrigatoria:

a) Nos matadoiros que realicen un número máximo de sacrificios inferior a cincocentos porcos por semana como media anual, sen prexuízo de que a autoridade competente poida baixar ese límite a menos de cincocentos porcos por semana como media anual.

As autoridades competentes notificarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a decisión adoptada en relación co establecido na letra a) deste punto, especificando o número máximo de sacrificios que se poderán efectuar en cada matadoiro exento da aplicación do modelo da Unión Europea, co fin de que a dita dirección xeral notifique esta información á Comisión Europea.

b) Nos canais de porcino da raza ibérica (incluídas as variedades Entrepelado, Retinto, Lampiño, Manchado de Jabugo e Torbiscal) e os seus cruzamentos, así como nas razas autóctonas en perigo de extinción, recollidas no Catálogo oficial de razas de gando de España que establece o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, ou norma que poida substituílo no futuro.

c) Nas formas de comercialización dos canais de porcino recollidas no anexo I.

Artigo 4. *Presentación do canal.*

1. Para efectos do establecido neste real decreto, os canais presentaranse sen a lingua, as sedas, os pezuños, os órganos xenitais, a manteiga, os riles e o diafragma, segundo o disposto no anexo IV, punto B.III, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. Ademais, non se poderá retirar graxa, músculo ou outro tecido dos canais antes da súa pesaxe, clasificación e marcación, salvo nos casos en que se apliquen exixencias veterinarias, tal e como establece o artigo 6 do Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, considerando a práctica comercial seguida en España, como excepción á presentación tipo que establece a normativa da Unión Europea mencionada, os canais de porcino tamén poderán axustarse ás modalidades de presentación que figuran no anexo II no momento de seren pesados e clasificados. Ademais, en aplicación do artigo 5 do Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, co fin de poder fixar as cotizacións dos canais de porcino sobre unha base comparable, no anexo II figuran os coeficientes de corrección correspondentes.

Artigo 5. *Pesaxe, clasificación e marcación.*

1. Os canais de porcino serán marcados coa letra maiúscula que represente a clase do canal ou a porcentaxe de carne magra estimada, de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017. Ademais, utilizaranse unhas letras ou cifras de, cando menos, dous centímetros de altura, que garantan a lexibilidade da marcación.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo primeiro deste punto, poderá marcarse nos canais de porcino unha indicación que se refira ao seu peso ou outras indicacións que se consideren adecuadas.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, non será obrigatoria a marcación dos canais:

a) Sempre que o matadoiro redacte unha acta conforme o modelo establecido pola autoridade competente que indique, para cada canal, cando menos, os seguintes datos:

1.º Unha identificación individual do canal mediante calquera método inalterable que garanta, en todo momento, a súa rastrexabilidade.

2.º O peso do canal en quente.

3.º O resultado da clasificación.

As actas deberán ser asinadas o día en que se expidan por unha persoa do matadoiro encargada da función de control e conservarse durante, cando menos, tres meses desde o día da súa sinatura.

Non obstante, para poderen ser comercializados sen despezar noutro Estado membro, os canais deberán marcarse conforme o establecido no artigo 8 do Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, e no punto 1 deste artigo.

b) Cando todos os canais se partan, como unha operación continua, nunha sala de corta autorizada de conformidade co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e anexa ao matadoiro.

3. En todos os matadoiros en que se efectúe a clasificación de canais deberase levar un rexistro diario que vincule a identificación individual de cada canal co seu peso en quente e co seu contido estimado de carne magra ou resultado da clasificación, que garanta, en todo momento, a súa rastrexabilidade. Este rexistro, así como os albarás e documentos de comunicación previstos no artigo 8, deberán conservarse durante un mínimo de tres meses desde o día do sacrificio dos animais.

4. É responsabilidade dos matadoiros garantir o bo funcionamento de todos os equipamentos e aparellos de medida, incluído o control do funcionamento das básculas e dos equipos de clasificación.

As básculas empregadas nas pesaxes, así como os elementos accesorios empregados na pesaxe, deberán adaptarse á normativa reguladora de control metrolóxico. Ademais, os instrumentos de pesaxe estarán selados para garantiren a corrección e transparencia das operacións de pesaxe.

5. O matadoiro deberá dispoñer de procedementos que permitan garantir que o peso rexistrado coincide co valor real da pesaxe e que queda fielmente recollida, se é o caso, no rexistro informático.

Artigo 6. *Peso do canal.*

Para a determinación do peso en frío, tal e como establece o artigo 14 do Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, e en virtude do que establece o artigo 7 do mesmo regulamento, se nun determinado matadoiro non se pode respectar o prazo de 45 minutos entre a degolación e a pesaxe do canal, a pesaxe poderá efectuarse despois dese período, coa condición de que a dedución do 2 %, recollida no artigo 14.3 do Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, se reduza un 0,1 % por cada cuarto de hora adicional, ou parte deste, cando o tempo entre a degolación e a pesaxe supere os 45 minutos.

Artigo 7. *Contido de carne magra dos canais de porcino.*

1. De conformidade co establecido no anexo IV, letra B, punto IV, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o contido estimado en carne magra avaliarase mediante os métodos autorizados pola Comisión, segundo a Decisión da Comisión 2009/11/CE, do 19 de decembro de 2008, relativa á autorización de métodos de clasificación dos canais de porco en España.

2. Os métodos de clasificación utilizados para determinar o contido de carne magra dos canais serán operados por persoal cualificado, cun mínimo de formación suficiente, ben que esta formación poderá acreditarse mediante experiencia práctica. A autoridade competente poderá establecer os requisitos mínimos de formación e experiencia para o persoal que determine o contido de carne magra dos canais de porcino.

Artigo 8. *Comunicación dos resultados de clasificación.*

1. A comunicación dos resultados da clasificación que establece o artigo 1 do Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, poderá realizarse por escrito ou por vía electrónica, ben no albará, ben nun documento adxunto. Esta comunicación entregárase ao provedor dos animais ou á persoa física ou xurídica que ordene o seu sacrificio, como máximo ao final da xornada de sacrificio e, en todo caso, sempre dentro das 24 horas posteriores ao sacrificio dos animais.

2. A dita comunicación deberá incluír os datos a que se refiren as letras a), b), c) e d) do artigo 1.1 do Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, e, en particular, a indicación do momento en que se realizou a pesaxe, considerando o tempo transcorrido desde o sangrado e o tipo de presentación.

3. O matadoiro deberá informar dos resultados da clasificación ao gandeiro e/ou propietario dos animais, conforme o que establecen os puntos anteriores, cando este o solicite expresamente, durante un período máximo de tres meses desde o día do sacrificio dos animais.

Artigo 9. *Controis sobre o terreo.*

1. A autoridade competente efectuará controis sobre o terreo en todos os matadoiros que apliquen a clasificación obrigatoria de canais, para garantir o cumprimento dos requisitos da normativa da Unión Europea en materia de clasificación de canais e deste real decreto, conforme o que establecen os artigos 2 e 3 do Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017. Estes controis sobre o terreo realizaranse sen aviso previo.

A autoridade competente poderá delegar o control nun organismo de control, independente dos matadoiros, entidades de clasificación e clasificadores cualificados.

2. De conformidade co que establece o artigo 3.1 do Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, os controis sobre o terreo basearanse nunha avaliación previa de riscos. Ademais, estes controis articularanse a través dun programa de controis aprobado na mesa de canais que establece o artigo 11, que sentará as bases para a determinación da frecuencia dos controis e os elementos que haxa que controlar, así como o número mínimo de canais que vaian ser controlados por parte das autoridades competentes.

3. Cando o organismo encargado dos controis non teña dependencia orgánica ou funcional da autoridade competente, esta deberá verificar que os controis sobre o terreo se levan a cabo correctamente, cando menos unha vez ao ano, mediante unha supervisión física dos controis.

4. Sen prexuízo das competencias que teñan reservadas os organismos oficiais encargados do control metrolóxico, en aplicación do Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, os encargados do control de clasificación de canais realizarán os seguintes controis:

- a) Verificación da pesaxe real realizada no establecemento, en comparación cos datos da comunicada ao provedor dos animais.
- b) Comprobación da verificación periódica ou despois de reparación das básculas.

5. Para os efectos de poder cumprir coas obrigacións do artigo 25.6 do Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, a autoridade competente comunicará á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información relativa aos controis realizados conforme este artigo.

Artigo 10. *Medidas que se deben adoptar cando se detecten irregularidades e corrección de deficiencias.*

1. Sen prexuízo do que establece o artigo 4 do Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, no caso de que, como resultado dunha inspección, se observe un número significativo de clasificacións incorrectas, a autoridade competente valorará, en función da análise de risco, a posibilidade de aumentar o número de canais que hai que examinar e a frecuencia dos controis, ou a posibilidade de aplicar outras medidas correctoras que considere oportunas, sen prexuízo das sancións que procedan de acordo co artigo 12.

2. As deficiencias que afecten a rastrexabilidade ou a presentación do canal deberán ser corrixidas de maneira inmediata, achegando ao matadoiro as medidas correctoras pertinentes.

Artigo 11. *Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos.*

1. Establécese a Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos como órgano colexiado dependente da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A mesa estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o subdirector xeral de Produtos Gandeiros da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral adxunto de Produtos Gandeiros.

c) Vogais: un representante de cada comunidade autónoma e das cidades de Ceuta e Melilla, que acorde integrarse neste órgano, así como un representante da Secretaría Xeral Técnica do departamento.

d) Secretario: un funcionario que ocupe, cando menos, o posto de xefe de sección na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Produtos Gandeiros, designado polo seu titular.

3. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente.

4. Así mesmo, poderán asistir ás reunións da mesa, en calidade de asesores, un máximo de tres persoas que, en consideración á súa competencia profesional, sexan expresamente convocadas polo presidente por iniciativa propia ou por proposta de calquera outro membro da mesa.

5. A mesa poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nelas aplicarase o disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. A mesa reunirse mediante convocatoria do seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude de calquera dos seus membros.

6. Son funcións da Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos:

a) Asesorar e facilitar a coordinación das autoridades competentes na aplicación das disposicións sobre clasificación de canais de porcino. Para iso, poderá pedir o asesoramento de expertos en materia de clasificación de canais porcinos.

b) Asesorar e facilitar a coordinación das autoridades competentes na aplicación das disposicións sobre clasificación de canais de vacún. Para iso, poderá pedir o ditame de expertos do Comité de Control Comunitario establecido no capítulo III do Regulamento de execución (UE) 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017. A mesa, en particular, asesorará na realización dos ensaios de certificación dos dispositivos de clasificación automatizada de canais de vacún.

c) Asesorar e facilitar a coordinación das autoridades competentes na aplicación das disposicións sobre clasificación de canais de ovino, conforme o establecido na letra C do anexo IV do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

d) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

Artigo 12. *Réxime sancionador en materia de clasificación, pesaxe e marcación de canais.*

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e no artigo 49.f) do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, así como o previsto na disposición adicional primeira en canto á contía das sancións e as sancións accesorias, da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade

alimentaria, salvo nas comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla que dispoñan de réxime sancionador específico, nas cales se aplicará o dito réxime.

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

O funcionamento do órgano colexiado previsto no artigo 11 deste real decreto non suporá incremento do gasto público e será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao órgano superior ou directivo no cal se encontre integrado cada un dos seus membros, de acordo co previsto no artigo 2.2 do Real decreto 776/2011, do 3 de xuño, polo que se suprimen determinados órganos colexiados e se establecen criterios para a normalización na creación de órganos colexiados na Administración xeral do Estado e nos seus organismos públicos.

Disposición transitoria única. *Dereitos e obrigacións subsistentes.*

Non obstante o previsto na letra b) da disposición derogatoria única, os beneficiarios das subvencións recollidas na Orde PRE/917/2013, do 20 de maio, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas a agrupacións de produtores para a realización de proxectos de investigación aplicada e innovación nos sectores vacún, porcino, ovino, caprino, avícola e cunícola, e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2013, manterán as obrigacións previstas nesta nos prazos establecidos para o efecto na dita orde. Así mesmo, esta derogación non afecta os dereitos e deberes derivados de cantos actos se ditasen ao seu abeiro, en canto poidan conservar a súa eficacia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes normas:

- a) O Real decreto 1028/2011, do 15 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino.
- b) A Orde PRE/917/2013, do 20 de maio, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas a agrupacións de produtores para a realización de proxectos de investigación aplicada e innovación nos sectores vacún, porcino, ovino, caprino, avícola e cunícola, e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2013.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo e modificación.*

Habilítase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar os anexos para permitir a súa adaptación á lexislación da Unión Europea, así como para adaptar, de acordo coas autoridades competentes, a composición e funcións da Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 11 de xullo de 2018.

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2018.

FELIPE R.

ANEXO I**Formas de comercialización dos canais de porcino excluídos do modelo da Unión de clasificación de canais de porcino**

Canais sen espiñazo: canais aos cales, por motivos comerciais, se lles extraeu a columna vertebral, sen partición previa do canal pola metade.

Canais de máis de 120 kg de peso canal: canais que, cumprindo coa presentación que establece o artigo 4 deste real decreto, teñan un peso en quente do canal superior a 120 kg.

ANEXO II**Presentacións de canais de porcino autorizadas en España**

Presentación	Descrición	Coefficiente de corrección
Presentación sen mans	Presentación tipo cuxas extremidades anteriores foron cortadas a nivel do artello carpometacarpiano	840 gramos, que se engadirán ao peso rexistrado en quente do canal